



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso superior técnico urbanismo 2009

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	216
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2009
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

RESPONSABLE: []

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

Este curso pretende afondar, desde unha perspectiva xeral e en particular desde o punto de vista da lexislación galega —co fin de adaptar o contido do curso á singular realidade da nosa comunidade—, nos coñecementos teóricos e prácticos de dúas pezas clave do urbanismo: a planificación e a xestión urbanísticas.

DESTINATARIOS

- A metade das prazas (20) ten como destinatario o persoal das diferentes administracións públicas de Galicia: funcionarios de carreira ou persoal interino dos grupos A e B que estean en posesión do título de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro superior e persoal laboral dos grupos I e II que se encontre en posesión de calquera dos títulos anteriormente citados.

Este curso valorarase con 1,5 puntos a aqueles alumnos/as aprobados/as que cumpran os requisitos para a aplicación do establecido na Resolución do 26 de outubro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública, pola que se determinan os criterios de recoñecemento e valoración dos cursos de Administración local, en cumprimento do disposto na Orde do 10 de agosto de 1994, do Ministerio para as Administracións Públicas, e tamén do establecido no Decreto 136/1987 da Xunta de Galicia, do 5 de xuño, sobre a determinación dos méritos que corresponde fixar á comunidade autónoma nos concursos para a provisión de prazas reservadas a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

- Poderán optar á outra metade das prazas os profesionais que dispoñan do título de licenciado (Dereito, Ciencias Políticas, Xeografía, Socioloxía, etc.), arquitecto superior ou enxeñeiro superior (agrónomo, camiños, etc.). Os arquitectos dos concellos que teñan contrato de asistencia técnica encadraranse dentro deste grupo.

As prazas de calquera dos grupos que non sexan cubertas sumaranse ás do outro

PROGRAMA

Módulo I: normativa territorial e urbanística

- 1.- Réxime urbanístico do solo (Lei 8/2007 en relación coa LOUGA)
- 2.- Lexislación urbanística galega
- 3.- Outra lexislación de especial incidencia no territorio
- 4.- Normas de aplicación directa

Módulo II: análise territorial e urbanístico

- 1.- Cuestións ambientais
- 2.- Marco sociopolítico
- 3.- Problemática económica

Módulo III: planificación urbanística

- 1.- Clases de instrumentos de ordenación. Disposicións xerais
- 2.- Normas de aplicación directa. Normas subsidiarias e complementarias de planeamento

- 3.- Plan xeral de ordenación municipal
 - 4.- Plans de desenvolvemento
 - a) Plans de sectorización
 - b) Plans parciais
 - c) Plans especiais
 - 5.- Elaboración e aprobación dos instrumentos de ordenación. Efectos
- Módulo IV: execución urbanística
- 1.- Xestión urbanística
 - 2.- Intervención no mercado inmobiliario
 - 3.- Intervención dos actos de uso do solo
 - 4.- Disciplina urbanística
- Módulo V: obradoiros
- 1.- Obradoiro de planeamento: xeral e de desenvolvemento
 - 2.- Casos prácticos: do réxime transitorio e da execución urbanística

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os participantes serán seleccionados por unha comisión técnica independente, designada para o efecto, cuxa composición será publicada no portal web da EGAP. A comisión seleccionará os candidatos con independencia e discrecionalidade técnica con respecto aos órganos directivos da EGAP.

Os criterios selectivos para a admisión neste curso serán os seguintes:

a) Se os solicitantes son funcionarios, persoal interino ou persoal laboral das administracións públicas de Galicia:

Darase prioridade a aqueles casos en que exista unha relación directa entre as tarefas que realiza o traballador no desempeño dos seu posto de traballo e as materias obxecto deste curso, o que se acreditará mediante as certificacións e acreditacións curriculares correspondentes.

b) Se os solicitantes non forman parte do persoal ao servizo das administracións públicas:

Gozarán de preferencia aqueles solicitantes que acrediten documentalmente que a súa actividade profesional mantén relación directa co urbanismo e, que ademais, poidan demostrar, por medio do seu currículo, unha constatada experiencia neste campo. Valoraranse os seguintes méritos vinculados coa materia expresada: doutoramento; cursos de urbanismo; formar parte de equipos redactores de planificación en xeral e de documentos de xestión e desenvolvemento urbanístico; asistencia técnica a concellos e docencia universitaria na materia.

En calquera caso, esta convocatoria rexerese subsidiariamente polos criterios de participación nas actividades docentes da Escola Galega de Administración Pública, contidos na Resolución do 30 de xaneiro de 2007 da EGAP, publicada no DOG n.º 27, de 7 de febreiro de 2007.

A comisión poderá establecer cotas para garantir o carácter interdisciplinario e interadministrativo nos grupos de traballo que se establezan, de acordo coas solicitudes recibidas. Así mesmo, resolverá as alegacións e reclamacións que se puidesen suscitar.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 05/03/2009 a 19/11/2009

NUM. PRAZAS: 40

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

JUAN LUIS DALDA ESCUDERO

RAMÓN SAÚL LUEJE ESPINA

ALFONSO DÍAZ REVILLA

XOSÉ FRANCISCO FREIRE CORZO

JOSE TOMAS MARTÍN GONZÁLEZ

AGUSTÍN E. DE ASÍS ROIG

GUSTAVO RODRÍGUEZ BARTOL

ALBERTO LEBOREIRO AMARO
JOSE LUIS ÁLVAREZ VICENTE
JESÚS LEAL MALDONADO
M^a. CARMEN DÍAZ FERNÁNDEZ
JAVIER RUÍZ SÁNCHEZ
JESUS CONDE GARCIA
CARLOS LLES LAZO
FRANCISCO JAVIER GARCÍA MARTÍNEZ
MARTÍN FERNÁNDEZ PRADO
DANIEL ZARZA BALLUGERA
FEDERICO GARRIDO VILLA
MARIA LEBOREIRO AMARO
JULIO POZUETA ECHAVARRI
JOSEP MARIA LLOP-TORNÉ
RAMÓN LÓPEZ DE LUCIO
CARLOS FERRÁS SEXTO
ISABEL AGUIRRE DE URCOLA
MARÍA BERTA ROSÓN LÓPEZ
JOSÉ FARIÑA TOJO
IGNACIO CERRADA GONZALO
TERESA BONILLA
GERARDO ROGER FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
RAFAEL de CACERES ZURITA
JOSÉ GONZALEZ CEBRIAN TELLO
FRANCISCO COMINGES CÁCERES
FRANCISCO POL MENDEZ
CARLOS NÁRDIZ ORTIZ
HIPOLITO PEREZ NOVO
ANXEL VIÑA CARREGAL
JULI PONCE SOLÉ
XAQUÍN ÁLVAREZ CORBACHO
XERARDO ESTÉVEZ FERNÁNDEZ
JUAN CARLOS PRADO DEL VALLE
MIGUEL MARTÍNEZ LÓPEZ
RAMÓN VALENTÍN LOPEZ REY
J&A GARRIGUES, S.L.P.
ARTESA ESTUDIOS AMBIENTALES, S.L.
ANA BEGOÑA MERINO GIL

